



nota de prensa

Veciñanza propón ubicar na recén pechada unitaria de Arcos de Furcos unha Escola Infantil Pública

Veciñanza considera que é o momento idóneo para que o Concello de Cuntis retome os contactos coa Xunta de Galicia a fin de valorar as posibilidades a este respecto. Insta a que, cando menos, se valoren as características técnicas e a tramitación burocrática que serían necesarias. O inmoble conta cos servizos necesarios, vén de estar en perfecto funcionamento e presenta un espazo idóneo para o ensino infantil nun entorno en contacto coa natureza.

Cuntis. 3 de agosto de 2019

Veciñanza propón ubicar unha Escola Infantil Pública da Xunta de Galicia (Galiña Azul) na recén pechada unitaria de Arcos de Furcos. **É unha maneira de reverter unha noticia tan negativa e aproveitar un edificio en bo estado e con todos os servizos en funcionamento para cumprir a demanda dun dos servizos públicos máis necesarios en Cuntis.**

Veciñanza considera que é o momento idóneo para que o Concello de Cuntis inicie os contactos coa Xunta de Galicia a fin de valorar as posibilidades a este respecto. Existe a oportunidade de reutilizar o edificio da recén pechada escola unitaria de Arcos de Furcos e aproveitalo para establecer alí a instalación que demandamos: conta cos servizos necesarios, vén de estar en perfecto funcionamento, presenta un espazo idóneo para o ensino infantil nun entorno en contacto coa natureza, figuraba no programa electoral máis votado, etc. **Veciñanza insta a que se valoren as características técnicas e a tramitación burocrática necesaria para levar a bo porto esta reivindicación.** Cun mínimo de vontade política tanto do Partido Popular dende a Xunta de Galicia como dende o Partido Socialista dende o Concello de Cuntis poderemos contar en Cuntis cun servizo tan necesario cun importante aforro de custes de construción.

Esta semana a Xunta de Galicia confirmaba que Cuntis é un dos cinco concellos de Galicia nos que se pechará unha escola unitaria, concretamente a de Arcos de Furcos, a única coa que contabamos. **A falta de matrículas é a escusa perfecta da Xunta de Galicia e que está detrás do desmantelamento do ensino no rural,** cando esta idea está perfectamente enmarcada nas políticas sociais que o Partido Popular vén desenvolvendo dende que Feijóo é Presidente: deterioro dos servizos no rural por falta de poboación, consecuencia directa das carencias de



nota de prensa

servizos de calidade e da non aposta institucional pola fixación de poboación nas nosas parroquias.

Neste sentido, e ante o risco coñecido do que dende hai meses eramos coñecedores/as en Cuntis, temos que **lamentar a total inacción do Goberno Local de Cuntis á hora de buscar alternativas e defender a unitaria de Arcos**. Así como noutras localidades próximas se fixo, o Concello de Cuntis puido ter emprendido campañas de animación á matriculación difundindo as vantaxes do ensino nas escolas unitarias, apostar por implementar servizos que permitisen a conciliación e os horarios, buscar a mellora e ampliación da oferta, etc. Lamentablemente, a pasividade e a indiferenza do Concello de Cuntis deixaron esvaecer esta oportunidade. En municipios de menos poboación, como por exemplo Moraña, este tipo de campañas de difusión por parte de familias e profesorado conseguiron polo momento salvar dúas unitarias.

Un dos servizos públicos máis demandados e necesarios en Cuntis é unha Escola Infantil Pública da rede da Galiña Azul. Veciñanza presentara no mes de maio de 2018 unha moción para que o Concello de Cuntis e a Xunta de Galicia retomaran o proxecto do ano 2009 para a construción dunha escola infantil. A escaseza de prazas públicas na comarca e a importancia de dotarnos de servizos como medida para a fixación de poboación explicaban a nosa iniciativa. Logo dun ano ignorándoa por completo, o PSOE incluía este punto, ao igual que Veciñanza, no seu programa electoral das pasadas eleccións.